

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

# PLASTIC BIONTES

*#GAIÁS\_EN\_VERDE*

Intervención nas  
Torres Hejduk do  
colectivo Basurama



XUNTA  
DE GALICIA

GAL

---

# PLASTIC BIONTES

---

## Intervención nas Torres Hejduk do colectivo Basurama

**5 de xuño – 25 de novembro do 2025**  
**Cidade da Cultura de Galicia**

**Plastic biontes é unha intervención nas Torres Hejduk que pretende un diálogo, a través do lixo, entre a Cidade da Cultura e a cidade de Santiago. As torres como faros, como puntos de referencia social, como símbolos que unen a historia, a memoria e a posibilidade dun futuro aínda por imaxinar e construír.**

*Plastic biontes* reflexiona sobre os límites entre o "natural" e o artificial, cada vez máis difusos, e na interdependencia das formas de vida. Propón unha mimese entre o existente e o novo, nesas simbioses que nos axudan a imaxinar formas de vida futura, a prestar atención ás ameazas pero que tamén nos interpelan a imaxinar formas de adaptación, colaboración e resiliencia. Ambas intervencións empregan restos de materiais que proveñen das cadeas de produción industriais de empresas próximas, reutilizándoos e resignificándoos para transformar a pel das torres. Un xogo entre o visible e o invisible.

**Crisálida (Torre de cristal)** > intervención con filme transparente, omnipresente na nosa cotiandade e símbolo do sobre envasado de

todo tipo de materiais, mercadorías ou mesmo alimentos. A súa transparencia é un reflexo da necesidade das cousas intactas, protexidas, limpas, asépticas ... pero ao mesmo tempo un dos maiores causantes da presenza de microplásticos en todas as contornas acuáticas terrestres.

**Lique (Torre de Granito)** > intervención con bolos de plástico (restos da extrusión de plástico, técnica de fabricación de alta produción que implica a fusión homoxénea dun material termoplástico) emulando os liques que tan comunmente crecen nas pedras das cidade, que se abren paso nas paredes de rocha e modifican a súa cor e a súa textura. Unha colonización inversa –o plástico tomando o lugar do lique,



algo vivo, resistente, simbiótico— e do intento do plástico de “sandar” ou cubrir o mineral, cando en realidade o contamina. Liques de plástico que suturan o granito.

Recuperar a imaxinación, o poder de observación, do próximo, do que existe ao noso arredor pero que é invisible aos ollos. Facer visible a abundancia axúdanos a entender quen somos.

## **Basurama**

Basurama é un colectivo dedicado á investigación, creación e produción cultural e medioambiental que explora os procesos produtivos, os refugallos que xeran e as posibilidades creativas que que suscitan estas conxunturas contemporáneas. Fundado en 2001, busca estudar fenómenos inherentes á produción masiva de lixo real e virtual na sociedade de consumo, achegando novas visións que actúen como xeradoras de pensamento e actitude.

Basurama non só se interroga sobre a nosa forma de explotar os recursos, senón tamén sobre a nosa maneira de pensar, traballar e percibir a realidade.

Ao longo de dúas décadas, Basurama consolidouse como un espazo pluridisciplinar no que conviven artes visuais, obradoiros, instalacións, concertos, publicacións, relatorios e accións efémeras cun enfoque común: xerar novas formas de relación co entorno. Ademais, serve como plataforma de encontro entre axentes sociais de diferentes campos, fomentando a colaboración creativa horizontal.

Con sede en Madrid, Basurama realizou máis de 150 proxectos en máis de 40 países, colaborando con institucións como o Museo Reina Sofía, a Casa Encendida ou o Victoria & Albert Museum. O seu traballo foi recoñecido con galardóns internacionais de prestixio como o premio Artista Comprometido da Fundación Daniel e Nina Carasso ou o Curry Stone Social Design Circle.

CAST

---

# PLASTIC BIONTES

---

## Intervención en las Torres Hejduk del colectivo Basurama

**5 de junio – 25 de noviembre de 2025**  
**Cidade da Cultura de Galicia**

**Plastic biontes es una intervención en las Torres Hejduk que pretende un diálogo, a través de la basura, de la ciudad de la cultura y la ciudad de Santiago. Las torres como faros, como puntos de referencia social, como símbolos que unen la historia, la memoria y la posibilidad de un futuro aún por imaginar y construir.**

*Plastic biontes* reflexiona sobre los límites entre lo "natural" y lo artificial, cada vez es más difusos, y en la interdependencia de las formas de vida. Propone una mimesis entre lo existente y lo nuevo, en esas simbiosis que nos ayudan a imaginar formas de vida futura, a prestar atención a las amenazas pero que también nos interpelan a imaginar formas de adaptación, colaboración y resiliencia.


Ambas intervenciones emplean restos de materiales provenientes de las cadenas de producción industriales de empresas cercanas, reutilizándolos y resignificándolos para transformar la piel de las torres. Un juego entre lo visible y lo invisible.

**Crisálida (Torre de cristal)** > intervención con film transparente, omnipresente en nuestra cotidianidad y símbolo del sobre envasado de todo tipo de materiales, mercancías o incluso

alimentos. Su transparencia, un reflejo de la necesidad de las cosas intactas, protegidas, limpias, asépticas... pero al mismo tiempo uno de los mayores causantes de la presencia de micro-plásticos en todos los entornos acuáticos terrestres.

**Liquen (Torre de Granito)** > intervención con bolos de plástico (restos de la extrusión de plástico, técnica de fabricación de alta producción que implica la fusión homogénea de un material termoplástico) emulando los líquenes que tan comúnmente crecen en las piedras de la ciudad, que se abren paso en las paredes de roca y modifican su color y su textura. Una colonización inversa —el plástico tomando el lugar del liquen, algo vivo, resistente, simbiótico— y del intento del plástico de "sanar" o cubrir lo mineral, cuando en realidad lo contamina. Líquenes de plástico que sutura el granito.

---



Recuperar la imaginación, el poder de observación, de lo cercano, de lo que existe a nuestro alrededor pero que es invisible a los ojos. Visibilizar la abundancia nos ayuda a entender quiénes somos.

## **BASURAMA**

Basurama es un colectivo dedicado a la investigación, creación y producción cultural y medioambiental que explora los procesos productivos, los desechos que generan y las posibilidades creativas que suscitan estas coyunturas contemporáneas. Fundado en 2001, busca estudiar fenómenos inherentes a la producción masiva de basura real y virtual en la sociedad de consumo, acercando nuevas visiones que actúen como generadores de pensamiento y actitud. Basurama no solo se interroga sobre nuestra forma de explotar los recursos, sino también sobre nuestra manera de pensar, de trabajar, de percibir la realidad.

A lo largo de más de dos décadas, Basurama se ha consolidado como un espacio pluridisciplinar donde conviven artes visuales, talleres, instalaciones, conciertos, publicaciones, ponencias y acciones efímeras con un enfoque común: generar nuevas formas de relación con el entorno. Además, sirve como plataforma de encuentro entre agentes sociales de diferentes campos, fomentando la colaboración creativa horizontal.

Con sede en Madrid, Basurama ha realizado más de 150 proyectos en más de 40 países, colaborando con instituciones como el Museo Reina Sofía, la Casa Encendida o el Victoria & Albert Museum. Su trabajo ha sido reconocido con galardones internacionales de prestigio como el premio Artista Comprometido de la Fundación Daniel y Nina Carasso o el Curry Stone Social Design Circle.



XUNTA  
DE GALICIA